




3º Ciclo de E. Primaria



Título: Matilda.

Autor: Roald Dahl.

Editorial: Alfaguara.

Matilda é unha nena con moito talento, amante dos libros e do estudo. Os seus pais, os señores Wormwood, non valoran a súa filla, é máis, constantemente táchana de ignorante e estúpida. Matilda, farta de escoitar insultos, decide vingarse deles facéndolle trasnadas moi divertidas. Na escola atopa a unha directora horrible pero tamén a unha mestra deliciosa, coa que conxenia deseguido. Matilda confésalle que ten máxicos poderes para mover as cousas de sitio. Moi pronto deberá demostralo para liberar á señorita Honey da tiranía da directora.



Título: Dúas bágoas por Máquina.


Autora: Fina Casalderrey.

Editorial: Xerais.

Xusta, aos seus dez anos, está preocupada porque fai días que lle falta o seu can Máquina. Búscalo, faltando incluso ao cole, pero non hai nin rastro del. Por eso nunca está alegre nin é capaz de estudar. Regaláronllo cando era un cachorriño e medrou na súa casa facendo as inevitables trasnadas. Atoparao?



ESTE NADAL, REGALA UN LIBRO



RECOMENDACIÓNS LECTORAS

CEIP BORMOIO-AGUALADA

Curso 2011-2012

Educación Infantil



Título: O país dos mandóns.

Autoras: Paloma Rguez./Cristina Justo.

Editorial: Edicións Embora.

Neste país uns cantos mandan sobre o resto e non permiten que as nenas, as nais ou as avoas xoguen, saían ou traballen fóra das súas casas. Hai que cambiar estas normas tan inxustas para acadar a igualdade.



Título: O conto de comelo todo.

Autoras: Mireia Canals-Mar Cerdá.

Editorial: Baía edicións.

Marcos e María son dous irmáns de tres e un ano e medio, respectivamente, que nos presentan historias divertidas e relaxantes. Neste caso, axúdannos a instaurar hábitos de alimentación.




Título: Sopra neste furadiño.

Autor: Antón Cortizas.

Editorial: Edicións Embora.

Achegando a boca ó burato e soprando, o lector farase partícipe dos acontecementos que se suceden no libro.

1º Ciclo de E. Primaria



Título: Glub, o increíble peixe – bala.

Autora: Isabel Freire.

Editorial: Xerais.

Glub, un peixe molón de cor laranxa e unha manchiña no lombo que o facía diferente vivía feliz con outros peixes de cores no acuario de David. No día en que estaban preparando a festa de aniversario do seu dono, unha das súas amigas regaloulle unha enorme bola de cristal a cal deixaron pegada ao acuario. Naquela bola choraba as súas soidades unha peixiña sen compañía. Glub quere chegar a onda ela para facerse o seu amigo. Será capaz de conseguilo?



Título: Un robot pequeno.

Autor: Paco Martín.

Editorial: Xerais.

Cando baixou polo periódico ó quiosco, unha nena atopou á porta da súa casa un pequeno e simpático robot modelo SF-2. Contoulle que estaba perdido e que só podía falar cos menores de 11 anos. Acompañouno e fixéronse amigos para, a partir de ahí, vivir singulares aventuras.

2º Ciclo de E. Primaria




Título: Vouvos papar.

Autores: Luz Méndez/Pere Tobaruela.

Editorial: Xerais.

Esta é a historia de Tucho e Mucha, dous nenos que conectados polo correo electrónico e o programa de chat, viven unha aventura cando o seu ordenador os chucha coma se fose unha aspiradora. Quen os quere papar? É ben raro todo iso, non sí?



Título: Los mimpins.

Autor: Roald Dahl.

Editorial: Alfaguara.

Os mimpins son uns seres diminutos que Billy descobre na fraga á que chega, despois de contravir as instrucións de súa nai. Él, xunto coas novas criaturas, será o protagonista dunha serie de encontros e desencontros. Este é un libro sobre o manexo que fan os adultos dos medos infantís e a súa utilización para protexelos. As ilustracións axudan a entender a historia.